

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXII EDICIÓN DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE - OUFF

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Ourense** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **27 xullo de 2017 ata o 19 de decembro de 2017**.


Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración en actividades relacionadas coa vixésimo segunda edición do Festival de Cine Internacional de Ourense- OUFF, que se desenvolverá do 20 ao 27 de outubro de 2017 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións competitivas, centradas no cine iberoamericano e de óperas primas, polas retrospectivas dos realizadores Mariano Llinás, Marilia Rocha e Jeannette Muñoz e por unha programación paralela que procura potenciar o audiovisual galego coa celebración de sesións dedicadas a realizadores galegos e escolmas de filmes destacados no panorama do cine galego. Outras actividades como o certame "OUFF escola", de cara a potenciar o uso da lingua galega a a creatividade audiovisual dentro dos centros de ensino non universitario; ou o programa Extramuros, que engloba iniciativas como a exposición "Xoguetes cinematográficos" ou o premio ao mellor libro de cine do ano, completan unha edición que terá presenza en toda a cidade pero que, cunha clara intención de descentralización, pretende expandirse por toda a provincia para posibilitar o acceso ás propostas do Festival do maior número de espectadores posible.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ourense, dende a súa área de Cultura, organiza, como unha importante cita anual no eido audiovisual, as sucesivas edicións do Festival de Cine Internacional de Ourense- OUFF, un dos eventos culturais de carácter competitivo máis importantes da cidade de Ourense e un dos máis destacados no ámbito galego, que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira "cidade de cine" na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades. A edición número XXII do OUFF preséntase como unha edición de





perfeccionamento e avance nunha nova dirección iniciada en 2016 e que os resultados acadados avalan como correcta. E é que a vixésimo primeira edición do OUFF supuxo un cambio de orientación do festival cara a unha maior especialización no cine iberoamericano para facerse eco da gran vitalidade da sétima arte en países como Arxentina, Chile, Colombia, Portugal, Brasil ou España, pero tamén na intención de traer novos nomes á programación, apostando por unha competición exclusiva para cineastas que encaran o reto do seu primeiro filme, e sempre co compromiso co cine galego como unha das bases irrenunciáveis do festival, potenciando a súa presenza non só coa proxección de películas senón coa implicación directa de actores e directores galegos nas diferentes actividades do OUFF.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2017 que profundicen na promoción e potenciación do sector audiovisual galego a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

